



COMUNICADO DE PRENSA

O PSOE de Lugo lamenta profundamente o falecemento de tres membros dunha familia lucense no accidente aéreo en Francia

LUGO, 26 DE MARZO DE 2015.- O Secretario Provincial do PSOE de Lugo, Juan Carlos González Santín, en nome de todos os socialistas da provincia, lamenta profundamente a perda que sufriu a familia lucense Pardo co falecemento de tres dos seus membros no accidente de avión ocorrido o pasado martes en Francia. González Santín fai extensivo o seu pesar ao resto de familias das vítimas españolas e estranxeiras.

Os socialistas da provincia de Lugo mostran así as súas condolencias e pésame á familia e achegados dos falecidos nesta terrible traxedia e ofrecen o seu apoio para todo o que poidan precisar.

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

www.psoeprovincialdelugo.com

www.facebook.com/psoeprovinciallugo

www.twitter.com/PsoeLugo